



meniños

plan de voluntariado

marzo 2010

ÍNDICE.

3	0.	PRESENTACIÓN.
5	1.	OBXECTIVOS DO PLAN DE VOLUNTARIADO DE MENIÑOS (PVM).
5	1.1.	Marco Xeral do PVM: planificación estratéxica.
6	1.2.	Obxectivos do Plan de Voluntariado de Meniños.
7	2.	O VOLUNTARIADO EN MENIÑOS.
7	2.1.	Definición do voluntariado de Meniños.
8	2.2.	O papel do voluntariado en Meniños.
8	2.3.	Perfil xenérico do voluntariado.
9	3.	XESTIÓN DO PLAN DE VOLUNTARIADO.
9	3.1	Catálogo de proxectos de intervención de acción voluntaria.
10		Área de atención familiar.
13		Área de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia.
18		Área de xestión e organización.
22		Ficha aberta.
23	3.2	Proceso de incorporación e saída das persoas voluntarias

0. PRESENTACIÓN

Fundación Meniños nace en Galicia, no ano 1996 como unha iniciativa social de persoas expertas no traballo con infancia e familias en situación de dificultade social, co propósito de ofrecer á sociedade unha vía de participación na solución dos problemas e dificultades que afectan á infancia no mundo.

A experiencia acumulada no traballo cotián amosounos unha realidade moi clara: hai moitas persoas que, de modo desinteresado e altruísta, compartiron o seu tempo, esforzo e ilusións no proxecto de Meniños. As achegas destas persoas voluntarias, ademais de beneficiar aos nenos e nenas incluídas nos nosos programas, serviu de aprendizaxe e estímulo para todo o Equipo Humano da Fundación.

O **Plan Estratégico de Meniños 2003/2004**, vixente no momento de elaborar a versión primeira desta visión e planificación do voluntariado, sinalaba xa entre os seus obxectivos estratéxicos o potenciar o papel do voluntariado na Organización.

Os plan estratéxicos sucesivos e o actualmente vixente **Plan Estratégico de Meniños 2009/2012** ten incorporado o voluntariado como parte da súa visión organizacional, integrando o **compromiso social** por medio dos seus programas de atención familiar, pero tamén por medio do fomento de canles de participación individual e colectiva; e teno incorporado como parte das súas liñas estratéxicas, para conseguir un equipo humano competente e comprometido coa misión da fundación.

Como confluencia destas dúas realidades iniciais (experiencia e convicción organizacional), e co esforzo de moitas persoas, naceu o **Plan de Voluntariado de Meniños** como un intento de dar resposta ao compromiso asumido pola organización de fomentar a participación da sociedade en xeral, e unha oportunidade para canalizar os desexos de moitas persoas de poder axudar e traballar pola igualdade de todos os nenos, nenas e adolescentes no cumprimento dos seus dereitos.

Co paso do tempo, mantivéronse os seus elementos esenciais introducíndose pequenas modificacións ata a actual versión, finalizada en xaneiro de 2007 en liña co novo Plan Estratégico 2007/2008 da fundación.


En coherencia con el, Meniños segue crendo que estas tarefas de apoio social son unha responsabilidade de todos. Toda a sociedade (governos, administracións, empresas, entidades de acción social, poboación en xeral) debe e pode participar na solución dos seus problemas.

Igualmente, a política de voluntariado de Meniños foise aliñando coas liñas reitoras do **Plan Estatal do Voluntariado 2005 - 2009**, e con plans de ámbito autonómico, en especial o **Plan galego do Voluntariado 2006 - 2010** da Xunta de Galicia, e o **Plan Rexional de Voluntariado da Comunidade de Madrid 2006 – 2010**, coa finalidade de traballar de forma coherente coas propostas básicas.

Como froito de todo elo, o Plan de Voluntariado, que aquí se presenta na súa **versión actual e resumida**, define o contexto xeral no que se encadra, os seus obxectivos, a concepción que Meniños ten das persoas voluntarias (en consonancia cos textos reguladores), o seu perfil e o papel que o voluntariado xoga na organización. Tamén se propoñen proxectos de intervención específicos nos que as persoas voluntarias poden colaborar e o proceso de incorporación das mesmas á organización. E é o noso primeiro plan de voluntariado adaptado ó Sistema de Xestión da Calidade da fundación (SGC MENIÑOS).

Dende Meniños cremos que a situación da infancia no mundo necesita da achega de todos e todas para reducir as graves discriminacións que aínda se están a producir. Valoramos o Compromiso social, propiciando a corresponsabilidade social, o traballo en rede e a participación activa no coñecemento e defensa da infancia e a adolescencia na promoción dunha cultura do bo trato. O camiño é longo e difícil, pero os nenos, nenas e adolescentes cos que traballamos demostránnos que o esforzo paga a pena.

Grazas a eles, polo que nos ensinaron, e grazas a todas as institucións e as persoas voluntarias, por todo o que achegan.



Mónica Permuy López.
Directora Xeral.
Fundación Meniños.

1. OBXECTIVOS DO PLAN DE VOLUNTARIADO DE MENIÑOS (PVM).

1.1. MARCO XERAL DO PVM: PLAN ESTRATÉXICO DE MENIÑOS 2007/2008.

Misión:

MENIÑOS é unha organización que traballa polos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar cambios que propicien un entorno familiar de seguridade e afecto.

Ámbitos de actuación:

- A **ATENCIÓN FAMILIAR** é a base de todas as demais actuacións
- A **INCIDENCIA SOCIAL** e o gran elemento diferenciador como entidade de acción social

Visión:

MENIÑOS ofrece servizos de calidade contrastada para a infancia e a adolescencia en situación de dificultade social e promove os seus dereitos, investigando, difundindo coñecemento e innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades, para garantir a cada neno, nena e adolescente o seu dereito a medrar nun entorno familiar que garanta o seu benestar e desenrolo integral.

Liñas estratéxicas:

Básicas:

1. Atención familiar: Atender aos nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social a través de proxectos de atención familiar eficaces, que posibiliten o seu desenvolvemento nun entorno ambiente familiar provedor de bo trato.
2. Incidencia Social: influír nas políticas públicas dirixidas á defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultades social e favorecer a implicación activa da sociedade civil.

Instrumentais:

3. Investigación e Innovación: realización de estudo se avaliacións que permitan incrementar os nosos coñecemento sen intervención familia re aplicación de novas ideas, conceptos, produtos, servizo se prácticas que posibiliten o mellor cumprimento da misión.
4. Comunicación: desenvolver unha estratexia de comunicación externa e interna eficaz e dirixida a favorecer o coñecemento, recoñecemento e implicación de todos os grupos de interese da fundación.
5. **Equipo Humano: promover un equipo humano (remunerado e voluntario) competente e comprometido ca misión da fundación.**
6. Recursos: dotación dos recursos e ferramentas económicas, financeiras, administrativas, tecnolóxica se organizativas axeitada se suficientes para todos os proxecto se servizo se a súa xestión eficiente.

En consonancia coa prioridade estratéxica número 5, defínese o PVM como unha ferramenta estratéxica e de xestión para as persoas voluntarias que apoian o cumprimento da misión da organización.

Obxectivos do Plan de Voluntariado.

1.2. OBXECTIVOS DO PLAN DE VOLUNTARIADO DE MENIÑOS (PVM).

Obxectivo Xeral do PVM.

Contribuír a consolidar a presenza estable e duradeira das persoas voluntarias (PV) en Fundación Meniños, para apoiar o cumprimento da súa misión.

Obxectivos específicos do PVM.

1. Definir a función das persoas voluntarias en Meniños.
2. Orientar a xestión do voluntariado cara ao apoio no cumprimento da misión de Meniños, satisfacendo ao mesmo tempo as expectativas das PV.
3. Proporcionar ao persoal remunerado de Meniños os criterios, orientacións e procedementos mais axeitados para unha correcta xestión do voluntariado.
4. Acadar unha integración axeitada das persoas voluntarias dentro do equipo humano de Meniños.

2. O VOLUNTARIADO EN MENIÑOS.

2.1. DEFINICIÓN DO VOLUNTARIADO DE MENIÑOS.

Para Meniños o voluntariado é:

Unha expresión cidadá de participación e compromiso altruísta que contribúe a xerar cambios na situación da infancia e da adolescencia en dificultade social, así como a promover o cumprimento dos seus dereitos.

Persoa voluntaria en Meniños é aquela que:

De maneira reflexiva, altruísta, solidaria, libre e comprometida, decide participar dentro de Meniños, dedicando parte do seu tempo en beneficio dunha acción enmarcada dentro dun proxecto concreto.

- Colabora de maneira *altruísta*.
- *Rexeita calquera contraprestación económica*, xa proceda do beneficiario atendido ou de calquera outra persoa relacionada coa súa acción de voluntaria.
- *Comprométese libremente*, non sendo coaccionada por outro factor que non sexa o da súa firme decisión e compromiso social. Polo que quedan fora deste concepto as persoas suxeitas a obrigas persoais ou deber xurídico.
- Debe ser unha *decisión meditada e responsable*, o que supón un *compromiso serio ca organización*.
- Realízase no marco dunha organización estable, democrática e sen ánimo de lucro.
- A participación debe ser real e efectiva, o que supón unha *implicación* tanto na detección e denuncia dos problemas, como na súa solución.
- A persoa voluntaria está comprometida na transformación das situacións inxustas que sitúan a nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade social.

Meniños comprométese coa persoa voluntaria a:

- Xerar un espazo de intercambio e coñecemento mutuo no que se poidan estudar formas de colaboración entre a persoa voluntaria e Meniños.
- Establecer os sistemas internos de formación e orientación adecuados para a realización das tarefas que se encomendan á PV.
- Garantirle a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Facilitarlle unha acreditación que a habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- Subscribir unha póliza de seguro que cubra os gastos derivados da acción do voluntariado, tanto a responsabilidade civil como os accidentes.
- Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios axeitados para o cumprimento dos seus cometidos.
- Expedirle un certificado que acredite os servizos prestados.

2.2. O PAPEL DO VOLUNTARIADO EN MENIÑOS.

No referente á misión e plan estratéxico:

- O voluntariado non ten un papel directo na definición da misión e nas estratexias da entidade, dado que recae no Padroado da Fundación.
- Pode ter un papel indirecto, na medida en que son partícipes na execución da planificación estratéxica.

No referente aos obxectivos e á súa operativización :

- Por regra xeral, a súa función terá que ver co apoio complementario na execución dos programas e actividades que desenvolve a organización.
- A persoa voluntaria pode participar na organización dos programas e actividades que así o contemplan.

Ámbitos de actuación:

A persoa voluntaria pode realizar as súas tarefas dentro dos seguintes ámbitos de actuación:

- *Atención familiar:* apoio a actividades complementarias no traballo con nenos, nenas e adolescentes e as súas familias.
- *Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia:* apoio na realización de campañas e actividades de comunicación.
- *Xestión e organización:* apoio nos procesos auxiliares da organización.

2.3. PERFIL XENÉRICO DO VOLUNTARIADO.

Aptitudes:

Calquera persoa pode colaborar voluntariamente con Meniños se segue o procedemento establecido máis adiante neste Plan de Voluntariado. Para iso son necesarias as seguintes aptitudes:

- Experiencia: a requirida no proxecto de intervención.
- Habilidades: de relación e traballo en equipo.
- Disponibilidade de tempo requirida no proxecto de intervención.
- Condicións psíquicas: equilibrio emocional, madurez psicolóxica.

Actitudes:

- Identificación cos valores organizacionais.
- Confidencialidade e discreción.

3. XESTIÓN DO PLAN DE VOLUNTARIADO.

3.1. CATÁLOGO DE PROXECTOS CON PARTICIPACIÓN DO VOLUNTARIADO.

Área de intervención familiar:

- 1.1.- Apoio Escolar.
- 1.2.- Apoio Familiar.
- 1.2.- Respiro Familiar.

Área de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia:

- 2.1.- Promoción dos dereitos da infancia.
- 2.2.- Comunicación para a sensibilización nos dereitos da infancia e adolescencia e difusión da labor da Fundación.
- 2.3.- Campañas de familias para acollementos e adopcións.
- 2.4.- *Facendo familias/ Haciendo familias.*
- 2.5.- *O mundo de Milu/ El mundo de Milu..*

Área de xestión e organización:

- 3.1.- Apoio en tarefas administrativas e de xestión.
- 3.2.- Apoio informático.
- 3.3.- Xestión bibliográfica e documental.
- 3.4.- Apoio xurídico.

Outros proxectos de voluntariado:

- 4.1.- Ficha aberta

O obxectivo de esta nova ficha é abrir posibilidades para a detección de novos proxectos de voluntariado, a través da **detección de novas necesidades por parte da fundación** e tamén da **captación de novas oportunidades** a través das propostas de persoas interesadas na nosa misión.

A nosa intención é aproveitar as competencias e habilidades específicas das persoas voluntarias e facilitar, na maior medida posible, o axuste entre o modo no que as persoas voluntarias desexan colaborar coa misión da Organización e as novas oportunidades-necesidades da Fundación e os seus grupos de interese.

Área de atención familiar.

FICHA PROXECTO 1.1

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Atención Familiar
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio escolar
Público destinatario	Nenos, nenas e adolescentes relacionados cos servizos de intervención familiar que presta Meniños
Lugar onde se desenvolve	Domicilios, delegacións de Meniños, locais de servizos sociais...
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Reforzo escolar personalizado para nenos, nenas e adolescentes relacionados cos servizos que presta Meniños
Postos de acción voluntaria	En función de necesidades de cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación ou coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Ata 3 tardes á semana
Idade	Indiferente
Formación	Académica suficiente para o reforzo escolar requirido
Experiencia	Necesaria na mesma actividade
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Empatía para o traballo con nenos, nenas e adolescentes - Posibilidade de realizar desprazamentos

FICHA PROXECTO 1.2

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Atención familiar
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio familiar
Público destinatario	Familias e adolescentes relacionados cos servizos de intervención familiar que presta Meniños
Lugar onde se desenvolve	Domicilios, delegacións de Meniños, administracións públicas, empresas...
Duración prevista	Mensual (prorrogable)
Descrición do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio na intervención familiar realizada polos técnicos de Meniños nas tarefas de asesoramento para a procura de emprego, xestións administrativas e xudiciais, consultas sanitarias e outras - Apoio nas tarefas de modelaxe social
Postos de acción voluntaria	En función de necesidades de cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación ou coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Dende unha mañá á semana
Idade	Indiferente
Formación	A avaliar
Experiencia	Na realización de trámites administrativos
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Empatía para o traballo con familias e adolescentes en dificultade social - Posibilidade de realizar desprazamentos - Paciencia e habilidades comunicativas

FICHA PROXECTO 1.3

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Atención familiar
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Respiro familiar
Público destinatario	Familias e nenos, nenas e adolescentes relacionados cos servizos de intervención familiar que presta Meniños
Lugar onde se desenvolve	Domicilios, delegacións de Meniños e outros
Duración prevista	Puntual
Descrición do proxecto	Acompañamento e atención a nenos, nenas e adolescentes para facilitar aos adultos cuidadores a realización doutras actividades
Postos de acción voluntaria	En función de necesidades de cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación ou coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Unha mañá ou unha tarde por sesión
Idade	Maiores de idade
Formación	Indiferente
Experiencia	En acompañamento e coidado de nenos, nenas e adolescentes
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Empatía para o traballo con nenos, nenas e adolescentes - Posibilidade de realizar desprazamentos

Área de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia.

FICHA PROXECTO 2.1

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia.
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia.
Público destinatario	Sociedade en xeral e nenos, nenas e adolescentes en particular
Lugar onde se desenvolve	Ámbito territorial de Meniños
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Deseño, creación e execución de campañas e actuacións de sensibilización sobre os dereitos da infancia.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Organización da campaña do 20 N: Día Internacional dos Dereitos do Neno. - Organización de actuacións de sensibilización con motivo do 15 M: Día internacional das Familias. - Charlas, mesas informativas, eventos de sensibilización...
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación ou coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Dispoñibilidade	Variable: dende semanal ata puntual
Idade	A partir de 16 anos
Formación	Indiferente
Experiencia	Indiferente
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais

FICHA PROXECTO 2.2

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Asturias, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia.
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Comunicación para a sensibilización nos dereitos da infancia e da adolescencia e difusión da labor da Fundación.
Público destinatario	Sociedade en xeral e familias, nenos, nenas e adolescentes en particular
Lugar onde se desenvolve	Ámbito territorial de Meniños
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio na realización de actuacións de comunicación para a sensibilización e promoción de dereitos da infancia
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Boletín de socios - Boletín de acollementos e adopcións - Comunicación en Internet - Gabinete de prensa - Arquivo fotográfico - Deseño e creatividade
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación
Coordinador responsable	Persoal técnico de comunicación e captación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Estable e continuada
Idade	Indiferente
Formación	Preferiblemente en comunicación, deseño gráfico, mantemento Web, fotografía...
Experiencia	Favorable
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores institucionais - Manexo fluído de soportes informáticos ou técnicos necesarios para as actividades - Habilidades comunicativas - Traballo en equipo

FICHA PROXECTO 2.3

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia.
Data	Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Campañas de familias para acollementos e adopcións
Público destinatario	Potenciais familias acolledoras ou adoptivas
Lugar onde se desenvolve	Ámbito territorial de Meniños no que se desenvolvan programas de acollemento e adopción
Duración prevista	Meses de realización da campaña: sobre 4 meses
Descrición do proxecto	Deseño, execución e seguimento de campañas para a captación de usuarios dos programas de acollemento e adopción promovidos por Meniños
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño de campaña - Difusión e información - Atención telefónica - Xestión de datos
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación ou coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Dispoñibilidade	Continua durante a campaña
Idade	Indiferente
Formación	Indiferente
Experiencia	Favorable experiencia en campañas de sensibilización e captación de colaboradores
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Habilidades comunicativas - Manexo fluído de soportes informáticos ou técnicos necesarios para as actividades

FICHA PROXECTO 2.4

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia
Data	Dende Xaneiro 2007

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Facendo familias/ Haciendo familias
Público destinatario	Sociedade en xeral e familias, nenos, nenas e adolescentes en particular, preferentemente nenos e nenas en idade de ensino primario, profesores de educación e tempo libre que traballen con eles e adultos a cargo deles (pais, nais, titores ou outros).
Lugar onde se desenvolve	Todas as delegacións da fundación
Duración prevista	Curso escolar
Descrición do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio na elaboración e execución de proxectos de carácter educativo e preventivo relacionados cos dereitos da infancia en xeral e co dereito a vivir en familia en particular. - Participación e apoio en torno á proposta educativa "Facendo familias", que promove a participación e protagonismo dos nenos e nenas na construción dun entorno familiar positivo, así como a súa difusión e ampliación de contidos e resultados.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Preparación de materiais educativos - Presentación e difusión de materiais educativos en colexios e entidades de tempo libre - Exposición dos traballos elaborados polos nenos e nenas (montaxe e desmontaxe, atención durante a execución e outras labores de apoio) - Preparación e execución de eventos puntuais (festivos, sensibilización ou outros) - Participación puntual en actividades con nenos e nenas (xogos, contacontos ou outros)
Postos de acción voluntaria	Cinco en Sede Central e tres en cada delegación
Coordinador responsable	Técnico de Proxectos Educativos e Preventivos, Persoas responsables de Delegación ou coordinación.

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Dous días á semana en promedio durante o principio e o final do curso escolar Un día á semana en promedio durante o resto do curso escolar
Idade	Indiferente
Formación	Non se require, agás o coñecemento básico do modelo de intervención da fundación e dos seus proxectos de carácter educativo e preventivo (que se facilita pola fundación)
Experiencia	Non se require
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Habilidades comunicativas - Empatía para traballo con educadores/as e nenos e nenas

FICHA PROXECTO 2.5

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia.
Data	Dende Xaneiro 2007

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	<i>O mundo de Milu/ El mundo de Milu</i>
Público destinatario	Sociedade en xeral e familias, nenos, nenas e adolescentes en particular, preferentemente nenos e nenas en idade de ensino primario, profesores de educación e tempo libre que traballen con eles e adultos a cargo deles (pais, nais, titores ou outros).
Lugar onde se desenvolve	Todas as delegacións da fundación
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio na difusión, actualización e dinamización do portal Web educativo da fundación (www.mundodemilu.org)
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e execución de actividades de difusión da web - Actualización de contidos: búsqueda e selección de información e materiais para incluír nas sucesivas actualizacións - Xestión da resposta ás comunicacións recibidas a través da web
Postos de acción voluntaria	Un mínimo de dúas persoas en A Coruña e unha en cada delegación
Coordinador responsable	Técnico de Proxectos Educativos e Preventivos, Persoas responsables de Delegación ou coordinación.

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Mínima de 2 a 3 horas á semana
Idade	Indiferente
Formación	Non se require, agás o coñecemento básico do modelo de intervención da fundación e dos seus proxectos de carácter educativo e preventivo (que se facilita pola fundación)
Experiencia	Non se require
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Identificación e empatía polas necesidades educativas de nenos e nenas, e dos materiais e noticias relacionados con ela

Área de xestión e organización.

FICHA PROXECTO 3.1

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra
Área	Xestión e organización
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio nas tarefas administrativas e de xestión
Público destinatario	Equipo humano de Meniños
Lugar onde se desenvolve	Todas as Delegacións da Fundación
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio ao equipo humano de Meniños na realización de tarefas administrativas e de xestión
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Saídas para xestións en administracións e empresas - Apoio nas tarefas administrativas: atención telefónica, tratado de textos, depuración de bases de datos, fotocopias...
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación
Coordinador responsable	Dirección de Xestión e persoas responsables de Delegación ou coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Dispoñibilidade	A partir de 1 mañá ou tarde semanal
Idade	Indiferente
Formación	Favorable administrativa
Experiencia	Indiferente
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Habilidades comunicativas: atención telefónica - Orde

FICHA PROXECTO 3.2

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Xestión e organización
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio informático
Público destinatario	Equipo humano de Meniños
Lugar onde se desenvolve	Todas as delegacións da fundación
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio no mantemento e desenvolvemento das aplicacións informáticas utilizadas en Meniños
Tarefas	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio no deseño e desenvolvemento de aplicacións informáticas - Apoio na formación para a utilización de equipos informáticos do equipo humano de Meniños - Apoio no mantemento informático
Postos de acción voluntaria	1 por delegación
Coordinador responsable	Dirección de Xestión

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Continuada
Idade	Indiferente
Formación	Informática
Experiencia	Informática
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais

FICHA PROXECTO 3.3

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Madrid, Asturias, A Coruña
Área	Xestión e organización
Data	Dende Setembro 2003

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Xestión bibliográfica e documental
Público destinatario	Equipo humano de Meniños
Lugar onde se desenvolve	Madrid, Asturias, A Coruña
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Organización e informatización dos recursos bibliográficos e documentais de Meniños
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Mantemento dunha base de datos da biblioteca - Apoio á organización de arquivos documentais e expedientes
Postos de acción voluntaria	1 por delegación
Coordinador responsable	Persoas responsables de Delegación e Dirección Técnica

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Curso escolar
Idade	Indiferente
Formación	Indiferente
Experiencia	Favorable experiencia en organización de arquivos e biblioteconomía
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Manexo fluído de soportes informáticos ou técnicos necesarios para as actividades - Confidencialidade - Orde

FICHA PROXECTO 3.4

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Madrid
Área	Xestión e organización
Data	Dende Outubro 2006

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio xurídico
Público destinatario	Familias usuarias dos servizos de intervención familiar prestados pola fundación
Lugar onde se desenvolve	Sede Central, con atención a todos os técnicos e familias da fundación por vía telefónica, Fax, correo electrónico ou videoconferencia
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio á intervención cas familias usuarias, baixo o criterio dos técnicos responsables de dita intervención familiar
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> o Respostas a consultas individuais formuladas o Colaboración na emisión de informes ou ditames puntualmente o Colaboración na confección de documentos técnico-xurídicos para formación
Postos de acción voluntaria	Un, ampliable en función da variación de familias usuarias e as súas demandas
Coordinador responsable	Asesoría xurídica

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Dende unha mañá semanal
IDADE	Indiferente
Formación	Licenciatura en Dereito e coñecemento básico do modelo de intervención da fundación (que se facilita pola fundación)
Experiencia	Non é necesaria
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Capacidade de busca e manexo de recursos xurídicos - Empatía para o traballo con técnicos e familias en dificultade social - Paciencia e habilidades comunicativas - Orde

FICHA ABERTA

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Calquera área activa na fundación
Data	Marzo 2010

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Identificarase un proxecto concreto, en función dunha nova necesidade detectada pola Fundación ou unha nova oferta presentada por persoas interesadas na nosa misión
Público destinatario	
Lugar onde se desenvolve	En calquera sede da Fundación
Duración prevista	O tempo necesario en función do proxecto identificado
Descrición do proxecto	
Actividades	Variable en función do proxecto identificado
Postos de acción voluntaria	Un, ampliable en función da variación de familias usuarias e as súas demandas
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación, coordinación ou área organizativa onde vaia a desenvolverse o proxecto

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Dende unha mañá semanal
Idade	Indiferente
Formación	Licenciatura/Diplomatura en ciencias sociais e titulacións complementarias que acrediten coñecementos suficientes sobre intervención con familias en dificultade social
Experiencia	Non é necesaria
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores organizacionais - Capacidade de busca e manexo de recursos xurídicos - Empatía para o traballo con técnicos e familias en dificultade social - Paciencia e habilidades comunicativas - Orde

3.2. PROCESO DE INCORPORACIÓN E SAÍDA DAS PERSOAS VOLUNTARIAS.

Información previa.

Neste contacto inicial infórmase á persoa candidata sobre o fin da organización, os Proxectos de Intervención de Persoas Voluntarias existentes na delegación e o proceso de incorporación de persoas voluntarias a Meniños.

No caso de que na delegación haxa dispoñibilidade de incorporación de novas persoas voluntarias, informarase sobre a necesidade dun compromiso mínimo e unha dispoñibilidade de tempo suficiente para poder continuar co proceso de incorporación. Este compromiso mínimo é:

- Dispoñibilidade horaria compatible coa realización dos Proxectos de Voluntariado dispoñibles en cada delegación de Meniños.
- Compromiso de colaboración de polo menos un ano.

Se a persoa candidata segue mostrando dispoñibilidade, emprázase para a realización dunha sesión informativa.

Sesión informativa.

Neste momento, e en función do número e dos intereses das persoas candidatas, , realízanse dinámicas, individuais ou en grupo, que sirvan para aprofundar no coñecemento das posibles persoas candidatas sobre a organización, información xeral de Meniños, os posibles proxectos nos que se pode colaborar na delegación e o papel que xogan as persoas voluntarias en Meniños.

É un bo momento para aclarar dúbidas ás persoas candidatas e ha de servir de auto selección para cada unha delas.

Despois desta **sesión informativa inicial**, séguese o procedemento previsto no sistema de xestión da calidade da fundación incluíndo **a formación** necesaria de acordo co proxecto concreto de voluntariado elixido. Este proceso de información-formación está dirixido, en función do proxecto elixido, pola persoa responsable de Delegación ou coordinación ou pola persoa responsable da área na que se desenvolverá a actividade, e executado pola persoa xestora de voluntariado que, periodicamente e ao longo de todo o proxecto, manterá reunións de seguimento coa persoa voluntaria garantindo a axeitada realización do mesmo.

Incorporación.

Unha vez entrevistadas e informadas as persoas candidatas, a persoa xestora do voluntariado en cada delegación orientará á persoa voluntaria cara a participar nun proxecto ou noutro dependendo do seu perfil, dispoñibilidade, intereses e preferencias, así como das necesidades de incorporación de persoas voluntarias aos Proxectos de Intervención activos ou posibles.

Esta orientación poderase realizar en grupo ou mediante unha entrevista persoal.

Cando vaia comezar dun xeito efectivo a colaboración procederase á firma do “Acordo de colaboración”. Neste momento a candidata convértese en Persoa Voluntaria.

Formación.

Os obxectivos da formación son os seguintes:

- Facilitar o coñecemento dos candidatos sobre Meniños e a súa tarefa.
- Proporcionar información sobre o contexto de traballo da acción voluntaria.
- Fortalecer as relacións entre os candidatos e crear grupo.

No curso de formación traballaranse os seguintes módulos formativos:

- Situación da infancia en dificultade social.
- A Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Meniños: misión, visión e valores.
- Servizos que presta Meniños.
- Modelo de intervención de Meniños.
- Persoa voluntaria: definición, dereitos, deberes, regulación...
- Proxectos de Intervención de persoas voluntarias en Meniños.
- Formación en protección de datos persoais
- Formación en prevención de riscos laborais e saúde no traballo

Pódense realizar accións específicas, dependendo de cada proxecto e delegación.

Acordo de colaboración.

A incorporación das persoas voluntarias formalizarase por escrito mediante un “Acordo de Colaboración” no que se determinarán o carácter altruísta da relación e no que se detallará:

- Os fins e obxectivos da organización na que se integra.
- O conxunto de dereitos e deberes, que conforme a lei (a de referencia en cada unha das delegacións).
- O contido das funcións, actividades e tempo de dedicación ao que se compromete a persoa voluntaria.
- A formación requirida para o desenvolvemento das actividades encomendadas.
- A duración do compromiso, as causas e formas de resolución deste polas dúas partes.

Unha vez realizado o acordo facilitaráselle á persoa voluntaria:

- Copia do acordo de colaboración asinado.
- Información precisa sobre a Póliza do Seguro que Meniños ten contratada.
- Identificación como persoa voluntaria de Meniños.
- Documento de rexistro de tarefas de acción voluntaria.
- Clave de acceso ao espazo informativo-formativo dirixido a persoas voluntarias

Compensación de gastos:

Nos casos nos cales o desempeño da tarefa carrexe gastos, informarase á persoa voluntaria do procedemento a seguir para o cobro de dietas ou outros gastos.

Procedemento de saída.

Finalizada a colaboración voluntaria, seguirase un procedemento de xestión de saída dende unha dobre perspectiva:

A) De xestión:

- o Formalízanse os documentos de extinción do contrato de voluntariado nos termos do sistema de xestión da calidades e procédese a súa baixa nos rexistros, incluíndo o seguro de voluntariado e, para o seu caso, comunícase á entidade coa colaboración ou mediación da cal se traballou.
- o Facilitase á PV unha certificación da experiencia voluntaria.

B) De aprendizaxe organizativo e da PV:

- o Pódese avaliar coa PV o seu grao de satisfacción da súa experiencia de voluntariado, tratando de identificar fundamentalmente posibles aspectos de mellora.
- o Pódese compartir coa PV a motivación da súa saída, especialmente para o caso de que se producira a ruptura do vínculo voluntario con anterioridade ao previsto.
- o Abórdase de forma aberta calquera outro aspecto de interese proposto pola PV.

Xestión do plan de voluntariado.

Os resultados destas avaliacións, xunto con calquera outras de interese, remítense á persoa designada no sistema de xestión da calidade como responsable dos equipos humanos, a efectos de facilitar a mellora continua.

A Coruña, marzo de 2010.

(Última actualización: marzo de 2010).